

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do .3 de .outubro de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día tres de outubro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está presente por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1268).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 12 e 19 de setembro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizadas coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1269).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: Alta expte 4/1107, 4/1114 e 11/1201, 13/1216, 1/1030, 1/1369, 2/76, 12/1107, 23/751, 23/667, 12/1284, 12/1262, 14/1188. DENEGACIÓN EXPTE. 1/598.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo cos informes propoñidos polo xefe do sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Manuela Fernández Vilaso. Expte. 4/1107
- D. José Lorenzo Carnero. Expte. 4/1114
- D<sup>a</sup> Esperrenza Rodríguez Pérez. Expte.11/1201
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Remedios Conde González. Expte. 13/1216
- D<sup>a</sup> Concepción Pérez Abalde. Expte. 1/1030
- D. Evaristo Alonso García. Expte. 1/1369
- D<sup>a</sup> Angeles Vázquez Limia. Expte.2/76
- D. Julián Tapioles Fernández. Expte. 12/1107
- D<sup>a</sup> Pilar Iglesias Mariño. Expte.23/751
- D<sup>a</sup> Carmen Fernández Collazo. Expte. 23/667
- D. Manuel Fernández Oya. Expte. 12/1284
- D<sup>a</sup> María Román Veiga. Expte. 12/1262
- D<sup>a</sup> Eugenia Martínez. Expte. 14/1188

Segundo.- Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a do Enrique Rey Lorenzo. Expte. 1/598

**3(1270).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA DIRECCIÓN TÉCNICA DO MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE BALAIIDOS, BARREIRO E A MADROA. EXPTE.3859/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 8 de setembro de 2005 do director deportivo do IMD, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e así mesmo intervido e conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Comisión de Goberno do Concello, en sesión de data 17/11/2003 acordou aprobar o expediente de contratación da prestación de servizos da dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaídos, Barreiro e A Madroa, así como a convocatoria do concurso para a selección do contratista.*

*Recibidas as propostas no Rexistro Xeral, dentro do prazo establecido ao efecto, a Mesa de Contratación procede á apertura das propostas con data 23/12/2003.*

*Así, con data 26/01/2004 a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar a don José Manuel Calderón Rodríguez a prestación dos servizos da dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol de Balaídos, Barreiro e A Madroa, por un prezo de 20.740,80 €, por un período de 2 anos prorrogábeis.*

*A revisión de prezos do contrato está prevista na cláusula 3ª do prego administrativo, establecendo o seguinte:*

*“Procederá a primeira revisión de prezos, transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas”*

*“As seguintes revisións faranse transcorrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior”.*

*Segundo o exposto, a revisión de prezos do contrato tería efectos dende o 1 de febreiro de 2005, e recollería o incremento do IPC producido entre decembro de 2003 e xaneiro de 2005, que segundo os datos facilitados polo INE ascende ao 2.4 %, o que aplicado ao prezo actual do contrato supón unha cantidade de 21.238,58 €.*

*A vista do anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*“Aprobar a revisión do prezo do contrato da prestación de servizos da dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaídos, Barreiro e A Madroa, adxudicado a don José Manuel Calderón Rodríguez por acordo da Xunta de Goberno de data 26/01/2004, e establecer o prezo do mesmo para o ano 2005 na cantidade de 21.238,58 €.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1271).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO COA EMPRESA CEPESA, S.A. PARA A REALIZACIÓN DO MANTEMENTO DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE.3861/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de 8 de setembro de 2005 do director deportivo do IMD, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e así mesmo intervido e conformado pola Intervención Xeral, que di o seguinte:

*A Comisión de Goberno do Concello, en sesión de data 17/11/2003 acordou aprobar o expediente de contratación da realización do mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, así como a convocatoria do concurso para a selección do contratista*

*Recibidas as propostas no Rexistro Xeral, dentro do prazo establecido ao efecto, a Mesa de Contratación procede á apertura das propostas con data 23/12/2003.*

*Así, con data 26/01/2004 a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar á empresa CEPESA, S.A. a realización do mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, por un prezo de 31.607,71 €, por un período de 2 anos prorrogábeis.*

*A revisión de prezos do contrato está prevista na cláusula 3ª do prego administrativo, establecendo o seguinte:*

*“Procederá a primeira revisión de prezos, transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas”*

*“As seguintes revisións faranse transcorrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior”.*

*Segundo o exposto, a revisión de prezos do contrato tería efectos dende o 1 de febreiro de 2005, e recollería o incremento do IPC producido entre decembro de 2003 e xaneiro de 2005, que segundo os datos facilitados polo INE ascende ao 2.4 %, o que aplicado ao prezo actual do contrato supón unha cantidade de 32.366,30 €.*

*A vista do anterior, propóñse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*“Aprobar a revisión do prezo do contrato da realización do mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaiídos, adxudicado a CESPÁ, S.A. por acordo da Xunta de Goberno de data 26/01/2004, e establecer o prezo do mesmo para o ano 2005 na cantidade de 32.366,30 €.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1272).- PRÓRROGA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA O USO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE. 2684/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Atención e Participación Cidadá do 14 de setembro de 2005, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e así mesmo intervido e conformado pola Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Prorrogar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis dende o 1 de setembro de 2005 ó 31 de agosto de 2006.

Segundo.- Aprobar o programa de actividades que se achega no anexo.

Terceiro.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe total de 40.748,00€ con cargo á partida orzamentaria de Participación Cidadá 463.1.227.06.02, coma contrapartida do estipulado no presente Convenio, do que 16.299,20€ serán aboados con cargo ó Orzamento do ano 2005 e os 24.448,80€ restantes serán aboados con cargo ó Orzamento do ano 2006.

**6(1273).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXIANCIA NOS CENTROS CÍVICOS DO CONCELLO DE VIGO SUBSCRITO CON SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. EXPTE. 777/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25-08-2005 do xefe de Participación e Atención Cidadá, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e así mesmo intervido e conformado pola Intervención Xeral, que di o seguinte:

*A empresa Securitas Seguridad España SA, adxudicataria do contrato de vixilancia dos Centros Cívicos Municipais, solicita a revisión de prezos correspondente ó contrato desde a data de apertura de plicas en abril de 2003 e o fin do primeiro ano de prestación do servizo en xuño de 2004.*

O prego de condicións administrativas establece no seu apartado 3 “Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.”

A Comisión de Goberno de data 2 de xuño de 2003 acordou:

-Contratar con Securitas Seguridad España SA o servizo de vixilancia dos centros cívicos do Concello de Vigo por un importe anual de 55.000,00€.

A Xunta de Goberno Local de data 5 de xullo de 2004 acordou:

-Modificar o contrato da prestación do servizo de vixilancia nos centros cívicos do Concello de Vigo suscrito coa empresa “Securitas Seguridad España, S.A., S.A.” no sentido de cubrir a vixilancia do Auditorio de Teis mediante 4 roldas de vixilancia tódolos días en horario de 22.00 a 08.00 horas as que se engadiran os sábados, domingos e festivos dúas roldas máis en horario de 08:00 horas a 21:00 horas .

-O prezo anual modificado do contrato fíxase na cantidade de 68.224,00 euros, pero o gasto ata o 31-12-2004 é de 6.612,00 euros que se imputarán a partida 4631.227.01.00.

A Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2005 acordou:

Prorrogar o contrato de vixilancia ata o día 30 de xuño de 2006.

O INE, certifica que nos períodos comprendidos:

- Entre os meses de abril de 2003 e xuño de 2004, o incremento relativo é do 3,5 %.
- E o período comprendido entre o mes de xuño de 2004 e xuño de 2005, o incremento relativo é do 3,1 %.

Tendo en conta o informe emitido polo Interventor Xeral Accidental e os incrementos de prezos ó consumo certificados polo INE as revisións de prezo correspondentes son os seguintes:

-Primeira revisión de prezos correspondente ó prezo do contrato (55.000,00 €) desde o mes de abril de 2003 ó mes xuño de 2005 ó 3,50% e que supón a cantidade de 1.925,00 € anuais IVE engadido, con cargo á partida 4631 2270100, dos que 962,50 € corresponden o ano 2004 e 962,50 € o resto do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2005.

Primeira revisión de prezos da ampliación do contrato correspondente polo importe de 13.224,00 € desde o mes de xullo de 2005 ó mes de xuño de 2006 ó 3,10% e que supón a cantidade de 409,94 €, anuais IVE engadido con cargo á partida 4631 2270100, dos que 204,97 € corresponden ó ano 2005 e 204,97 € ó resto do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2006.

Segunda revisión de prezos correspondente o prezo do contrato actualizado (55.000,00+1.925,00=56.925,00 €) desde o mes de xullo de 2005 ó mes xuño de 2006 ó 3,10% e que supón a cantidade de 1.764,67 € anuais IVE engadido, con cargo á partida 4631 2270100, dos que 882,33 € corresponden o ano 2005 e 882,34 € o resto do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2006.

Polo anteriormente exposto propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aceptar as seguintes revisións de prezos do servizo de vixilancia dos centros cívicos municipais, conforme establece o prego de cláusulas administrativas no seu punto 3:
  - a. Primeira revisión de prezos correspondente o prezo do contrato (55.000,00 €) desde o mes de abril de 2003 ó mes xuño de 2004 ó 3,50% e que supón a cantidade de 1.925,00 € anuais IVE engadido con cargo á partida 4631 2270100 e un período de devengo do mes de xullo de 2004 ó mes de xuño de 2005.

b. *Primeira revisión de prezos da ampliación do contrato correspondente polo importe de 13.224,00 € desde o mes de xullo de 2004 ó mes de xuño de 2005 ó 3,10% e que supón a cantidade de 409,94 €, anuais IVE engadido con cargo á partida 4631 2270100 e un período de devengo do mes de xullo de 2005 ó mes de xuño de 2006, dos que 204,97 € corresponden o ano 2005 e 204,97 € o resto do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2006.*

c. *Segunda revisión de prezos correspondente o prezo do contrato actualizado (55.000,00+1.925,00=56.925,00 €) desde o mes de xullo de 2004 ó mes xuño de 2005 ó 3,10% e que supón a cantidade de 1.764,67 € anuais IVE engadido con cargo á partida 4631 2270100 e un período de devengo do mes de xullo de 2005 ó mes de xuño de 2006, dos que 882,33 € corresponden o ano 2005 e 882,34 € o resto do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2006.*

2. *Incrementar o prezo do contrato na cantidade de 3.689,67 € (1.925,00 € corresponden a primeira revisión do IPC e 1.764,67 corresponden a segunda revisión), correspondente ó contrato prorrogado desde o 1 de xullo 2005 ó 30 de xuño de 2006, quedando o mesmo establecido en 58.689,67 €, dos que 1.844,83 € corresponden o ano 2005 con cargo a partida 4631 2270100 e o 1.844,83 € con cargo a partida 4631 2270100 do presuposto futuro para o ano 2006.*
3. *Incrementar o prezo da ampliación do contrato aprobado na Xunta de Goberno Local e prorrogado desde o 1 de xullo de 2005 ó 30 de xuño de 2006, en 409,94 €, quedando o mesmo establecido en 14.149,44 €, dos que 204,97 € corresponden o ano 2005 con cargo a partida 4631 2270100 e 204,97 € con cargo a partida 4631 2270100 do presuposto futuro para o ano 2006.*

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1274).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE.3396/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación do día 19-09-2005 e así mesmo o intervido e conforme da Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Adxudicar a MDC Ingeniería, S.L., o concurso para a subministración dun tractor por un importe de 57.797,00€. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 16-05-2005 e a oferta presentada.

**8(1275).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA SUBMINISTRACIÓN DUNHA DESBROZADORA PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 3364/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación realizada o día 19-09-05 e así mesmo o intervido e conforme da Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Adxudicar a MDC Ingeniería, S.L. o concurso para a subministración dunha desbrozadora por un importe de 17.400,€. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 09-05-2005 e a oferta presentada.

**9(1276).- RESOLUCIÓN DE CONTRATO CON CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A., DAS OBRAS DE PAVIMENTADO DO CAMIÑO DO CEMITERIO DE ZAMÁNS EXPTE. 40574/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 05-04-2004, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Servizos Xerais e intervido e conformado pola Intervención Xeral en data 26-09-05, dado que o informe do asesor xurídico da Área de Servizos Xerais do 22-09-05 di *“Por iso o funcionario que subscribe , unha vez examinado o expediente, presta conformidade á proposta do xefe de negociado de Contratación de data 5 de abril de 2005, de resolución do devandito contrato por desestimento do Concello ó abeiro do previsto no artigo 149 c) do Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, nos termos previstos en dita proposta”*

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Resolver o contrato asinado con Construcciones Crespo, S.A. para a execución das obras de pavimentado do camiño do cemiterio de Zamáns e que fora adxudicado á devandita empresa por acordo da Comisión de Goberno de 29-12-2001.

Segundo.- Devolver a garantía definitiva que por importe de 1.332,00 euros foi constituída por Construcciones Crespo, S.A. na Tesourería Municipal o día 25-01-2002 con número de operación 200200001801 para garantir a execución o contrato de obras de pavimentado do camiño do cemiterio de Zamáns.

**10(1277).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS ADXUDICADO Á CORREDURÍA DE SEGUROS AÓN GIL Y CARVAJAL EXPTE. 15474/240.**

O presente expediente queda retirado

**11(1278).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE DE DEPENDENCIAS VENCELLADAS Ó DEPARTAMENTO DE CULTURA. EXPTE. 3112/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 29-07-05 do xefe do departamento de Cultura, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e intervido e conformado pola Intervención Xeral que di o seguinte:

Con data 5 de decembro de 2002 o Alcalde resolveu adxudicar *o concurso para a prestación dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade de dependencias vecelladas á Concellería de Cultura (Casa das Artes, Casa Galega da Cultura e Biblioteca Central) a Securitas Seguridad España S.A. (C.I.F.: A-79252219).* Os prezos de adxudicación foron os seguintes:

- 14,35 hora diurna.
- 15,48 hora festiva diurna.
- 15,73 hora nocturna.
- 16,85 hora festiva nocturna.
- 15.698 € para o mantemento de instalacións (anual, catro revisións trimestrais).

A prestación dos servizos realizarase de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Comisión de Goberno do 12 de agosto de 2002. O apartado 3 do prego de cláusulas administrativas sobre revisión de prezos establece:

*“Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas. Esta variación se lle aplicará ós prezos/hora ofertados polo licitador.*

*As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior.”*

O contrato asinouse con data 19 de decembro de 2002 polo que procedeu revisión a partir do 19 de decembro de 2003.

A Xunta de Goberno Local na sesión do 28 de xuño de 2004 acordou aprobar os incrementos de prezos que figuraban no informe desta xefatura de data 26 de abril de 2004, correspondentes ó período do 20 de decembro de 2003 ó 19 de decembro de 2004, e que foron os seguintes:

- 15,00 hora diurna.
- 16,18 hora festiva diurna.
- 16,44 hora nocturna.
- 17,61 hora festiva nocturna.
- 16.404,41 € para o mantemento de instalacións (anual, catro revisións trimestrais).

Con data 7 de decembro de 2004 a Xunta de Goberno Local acordou a prórroga do contrato de vixilancia e mantemento de dependencias culturais por unha anualidade do 20 de decembro de 2004 ate o 19 de decembro do 2005. De acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas, procede a segunda revisión con data 19 de decembro de 2004, por ter transcurrido un ano dende a revisión anterior.

Con data 27 de xullo de 2005 a empresa SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. (C.I.F.: A-79252219) solicita a segunda revisión, incrementando nun 3,2% as tarifas vixentes. Os prezos que se aplicarán ata o 19 de decembro de 2005 serán os seguintes:

- 15,48 hora diurna.

- 16,69 hora festiva diurna.
- 16,96 hora nocturna.
- 18,17 hora festiva nocturna.
- 16.929,35 € para o mantemento de instalacións (anual, catro revisións trimestrais).

A repercusión da aplicación dos novos prezos supón un gasto de 8.258,94 € considerando os servizos realizados dende o 20 de decembro de 2004 ata a data de hoxe e as previsións de servizos pendentes ata a finalización do contrato o 19 de decembro de 2005.

O importe do contrato durante o ano 2005 (até o 19 de decembro) en concepto de prestación do servizo de vixilancia de dependencias culturais ascende a 293.497,04 € (AD 1313) onde se podrá aplicar o incremento do IPC que se solicita.

O importe do contrato durante o ano 2005 (até o 19 de decembro) en concepto de mantemento de instalacións de seguridade (tres trimestres) ascende a 12.303,31 € (AD-1312) e o do ano 2004 (dende o 20 de decembro até o 31 de decembro) polo mesmo concepto (un trimestre) ascende a 4.101,10 € (AD 55879), polo que compriría a autorización dun incremento de 524,94 €, con cargo a partida 4510.213.00.00, correspondentes o incremento do IPC, dos cales 131,24 € corresponden ao ano 2004 e 393,71 € ao ano 2005.

Polo exposto faise á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

“1.- Que se autorice a segunda revisión de prezos do contrato con Securitas Seguridad España S.A. (C.I.F.: A-79252219) para a prestación do servizo de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade de dependencias vencelladas á Concellería de Cultura (Casa das Artes, Casa Galega da Cultura e Biblioteca Central); incrementándoos nun 3,2%, variación experimentada polo IPC nacional para os servizos prestados entre o 20 de decembro de 2004 (data do inicio da primeira prorroga do contrato) até o 19 de decembro de 2005 (data de remate da primeira prorroga do contrato). Os prezos que serán os seguintes:

- 15,48 hora diurna.
- 16,69 hora festiva diurna.
- 16,96 hora nocturna.
- 18,17 hora festiva nocturna.
- 16.929,35 € anuais para o mantemento de instalacións (en 2005 corresponden tres revisións dentro do periodo contractual vixente).

2.- O importe do contrato durante o ano 2005 (até o 19 de decembro) en concepto de mantemento de instalacións de seguridade (tres trimestres) ascende a 12.303,31 € (AD-1312), e o do ano 2004 (dende o 20 de decembro até o 31 de decembro) polo mesmo concepto (un trimestre) ascende a 4.101,10 € (AD 55879), polo que compriría a autorización de gasto de 524,94 €, con cargo a partida 4510.213.00.00, para asumir do IPC, por este concepto, dos cales 131,24 € corresponden ao ano 2004 e 393,71 € corresponden ao ano 2005..

O incremento do IPC correspondente os servizos de vixilancia poden asumirse con cargo ó AD 1313 (de importe 293.497,04 €), correspondente ós servizos de vixilancia durante o ano 2005.”

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

## **12(1279).- EXPEDIENTE DE DESAFIUZAMENTO ADMINISTRATIVO DO EDIFICIO MONTEMAR, NO PARQUE MUNICIPAL DO CASTRO. EXPTE. 17365/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 16 de setembro de 2005 da técnica de Administración Xeral da Unidade de Patrimonio, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Patrimonio que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Primeiro.- O Pleno do Concello, en sesión ordinaria de data 30 de xullo de 1975, acordou adxudicar a D. Alejandro Fernández Figueroa, en réxime de concesión administrativa, a reparación e explotación do edificio denominado Montemar, sito no parque municipal do Castro, concesión na que se autorizou a subrogación da entidade AFERFI S.A., por acordo plenario de 31 de xullo de 1979.*

*Segundo.- A citada concesión administrativa finalizou o día 22 de agosto de 2005, o que lle foi comunicado á entidade concesionaria con anterioridade ó remate da mesma, procedéndose, mediante Decreto da Alcaldía de data 22 de agosto de 2005, a nomear unha comisión municipal encargada da recepción e toma de posesión do edificio Montemar e a sinalar como data para o acto, o día 30 de agosto de 2005.*

*Terceiro.- Na acta de toma de posesión do edificio Montemar faise constar que, persoada a comisión municipal para a súa recepción, don Manuel Gómez Carpintero, actuando en representación da empresa concesionaria, négase a proceder á mesma e manifesta a intención de continuar coa explotación do negocio de restauración que se desenvolve no devandito edificio ata o día 1 de decembro de 2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- A xestión e a administración dos bens e dereitos demaniais polas Administracións Públicas, de acordo co artigo 6 LPAP, se axustará, entre outros, ó principio de exercicio dilixente das prerrogativas que as leis outorguen ás Administracións públicas, garantizando a súa conservación e integridade. Entre estas prerrogativas, os artigos 41.1.d LPAP, 280 LALG e 44.1.d RBEL outórganlle ás entidades locais a potestade de desafiuamento administrativo dos posuidores dos inmóbeis demaniais, unha vez extinguido o título que amparaba a tenencia.*

*Segundo.- As Administracións públicas poderán recuperar en vía administrativa a posesión dos seus bens demaniais cando decaian ou desaparezan o título, as condicións ou as circunstancias que lexitimaban a súa ocupación por terceiros (artigo 58 LPAP). No presente caso, a extinción do prazo da concesión administrativa outorgada á entidade interesada e, consecuentemente, a carencia de título que lexitime na actualidade a ocupación do edificio Montemar, faculta a esta Administración para o exercicio do procedemento de desafiuamento administrativo, de conformidade co disposto na normativa de bens das Entidades Locais, e de acordo co procedemento regulado no Título II do RBEL, que comenza dispoñendo que “a extinción dos dereitos constituídos sobre bens de dominio público ou comunais das Entidades locais, en virtude de autorización, concesión ou calquera outro título e das ocupacións a que teñan dado lugar, efectuaráse polas Corporacións, en todo caso, por vía administrativa, mediante o exercicio das súas facultades coercitivas, previa indemnización ou sen ela, según proceda, con arranxo a dereito” (artigo 120).*

*Terceiro.- Consonte o artigo 127.1.f da LBRL, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e enlleamento do patrimonio*

*Por tódolo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Incoar expediente de procedemento de desafiuamento administrativo contra a entidade AFERFI S.A, pola ocupación ilícita do edificio denominado Montemar, situado no Parque municipal do Castro, ó ter vencido a*

concesión administrativa e non dar cumprimento a súa obriga de entrega e posta a disposición deste Concello do mesmo.

2º.- Concederlle trámite de audiencia ó interesado por prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á notificación da presente resolución, para que poida examinar o expediente e formular as alegacións que estime por conveniente, na defensa dos seus dereitos”.

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1280).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA ENTIDADE TURVIGO FERIAS E CONGRESOS S.A. CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOAL DE 18.07.05. DESESTIMADO. EXPTE. 15847/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do 20 de setembro de 2005, do xefe de Patrimonio, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Patrimonio que di o seguinte

**ANTECEDENTES**

1º.-A Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado o 18 de xullo de 2005, aprobou a liquidación á Entidade TURVIGO FERIAS E CONGRESOS S.A. por un importe de 187.413,86 € do Contrato para a Promoción, Organización e Celebración de Feiras patrocinadas polo Excmo. Concello de Vigo que foi declarado resolto por acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de febreiro de 2004.

2º.- Notificado dito acordo á Entidade TURVIGO FERIAS E CONGRESOS S. A. en data 12 de agosto de 2005, interpónse por esta recurso de reposición contra o mesmo o 10 de setembro de 2005 solicitando a declaración de nulidade da resolución, acordando a plena vixencia do contrato de concesión outorgado no seu día polo concello a favor da mesma, e subsidiariamente se fixe a indemnización pola perda de beneficios de acordo co cálculo sinalado no documento (anexo A) que achega, así mesmo a incorporación á dita liquidación dos gastos correspondentes a procurador e avogado xerados á entidade como consecuencia das demandas formuladas por esta contra o concello, e finalmente a corrección dos gastos de persoal correspondentes ós exercicios 1998, 1999 e 2000 axustándoos á cantidade fixada na demanda presentada ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Primeiro.- O recurso de reposición interposto pola Empresa Turvigo Ferias e Congresos, S.A., preséntase contra o acordo dictado pola Xunta de Goberno Local en data 18 de xullo de 2005 e polo que se aprobaba a liquidación do contrato que tiña asinada a mesma con este Concello en data 8 de xullo de 1988, para aprobación, organización e realización de feiras, contrato administrativo que foi finalmente declarado resolto por acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de febreiro de 2004, que deu lugar à incoación no correspondente procedemento administrativo liquidatorio incoado por Decreto da Alcaldía de 15 de decembro de 2004 e resolto por acordo da Xunta de Goberno Local obxecto do recurso que se formula.

Segundo.- As alegacións presentadas no recurso interposto pola recorrente, e nas que fundamenta a súa solicitude principal de declaración de nulidade da resolución adoptada, son reproducións doutras xa formuladas pola

mesma, tanto no procedemento resolutorio do contrato como no presente procedemento liquidatorio, alegacións xa informadas e resoltas nos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en data 2 de febreiro de 2004, 31 de maio de 2004, e no acordo 18 de xullo de 2005. Neste senso resulta improcedente o plantexamento de cuestións de nulidade sobre un acordo de resolución dun contrato que non só é un acto administrativo independente do que é obxecto do presente procedemento liquidatorio, senón que aquel (o acordo resolutorio) é un acto administrativo que goza dos principios de eficacia, validez e executividade sen que se atope suspendido nin declarada a súa nulidade ou anulabilidade. Conseqüentemente a liquidación do contrato aprobada resulta pertinente axustándose à normativa reguladora da contratación pública sen que sexa admisíbel o interesado polo recorrente no súplico principal do recurso interposto .

No que respecta á contía da liquidación aprobada pola Xunta de Goberno Local, o que se circunscribe ò procedemento obxecto do acordo de 18 de xullo de 2005 adoptado, resulta igualmente improcedente os criterios propostos para o cálculo da indemnización pola perda de beneficios como a incorporación dos gastos de procurador e abogados. Ambas dúas pretensións xa foron presentadas con anterioridade, informadas e denegadas, sen que do contido das alegacións nas que fundamenta o recurso interposto pódase entender desvirtuada a argumentación xurídica que motivou a súa denegación.

Finalmente sinalar que a contía correspondente òs gastos de persoal dos exercicios 1998, 1999 e 2000, fixados na cantidade de 47.159,71 € responde á estimada como correcta polos servizos xurídicos deste Concello e así se reflicte no escrito de conclusións formulado ò recurso contencioso administrativo formulado pola recorrente na reclamación das cantidades por perda de beneficios e gastos correspondentes ós anos 1998, 1999 e 2000 que se segue no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, ó non se considerar xustificada a diferenza de 2.906 € coa cantidade reclamada pola demandante. En calquera caso, é esta unha cuestión menor cuantitativamente no importe global da liquidación do contrato, que non prexulga a resolución xudicial que no seu momento sea dictada en dito procedemento contencioso, e a que deberá averse as partes intervinientes.

Terceiro.- Resulta competente para a resolución do presente recurso de reposición, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Unico.- Desestimar o Recurso de Reposición interposto por a entidade TURVIGO FERIAS E CONGRESOS, S.A. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de xullo de 2005 de aprobación da liquidación do contrato resolto o 2 de febreiro de 2004, o non resultar desvirtuados os fundamentos técnicos e xurídicos que a motivaron.

Acordo.-

A Xunta do Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1281).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ARACELI FERNÁNDEZ DÁVILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 155/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23 de setembro de 2005 da técnica de Administración Xeral da Unidade de Patrimonio csonformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dona Araceli Fernández Dávila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de abril de 2004, no que expón que o día 23 de abril do mesmo, camiñando pola rúa Sanjurjo Badía, á altura do nº 173, caeu por culpa dunha focha existente no paso de peóns, producíndose diversos danos persoais: rotura da muñeca esquerda.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do Servizo de Vías e Obras, de data de 6 de xullo de 2004, no que os inspectores, xirada visita de inspección ó lugar dos feitos, manifestan que “a zona en mal estado é visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida”.*
- Parte do servizo da Policía Local, no que os axentes actuantes acuden á rúa Sanjurjo Badía 107, a instancias do fillo da reclamante, que manifesta que a súa nai tropezou cunhas lousetas soltas. Os axentes corroboran a existencia de lousetas soltas no lugar.*
- Proba testifical, en data 9 de setembro de 2004, á testemuña proposta pola reclamante.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de 16 de novembro de 2004, que cuantifica os mesmos en 4.217,94 euros. Evacuáase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data de 7 de decembro de 2004.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

No expediente existen contradicións sobre o lugar do presunto accidente que non permiten establecer o lugar exacto do mesmo. Así, a Sra. Fernández, na súa reclamación inicial manifesta ter caído nun paso de peóns, á altura do nº 173 da rúa Sanjurjo Badía. Posteriormente, ó mellorar a súa solicitude, corrobora que a caída produciuse por mor dun burato existente no devandito paso de peóns, e achega unhas fotografías do mesmo, nas que se aprecian dúas fochas, unha das cales está sinalada cunha frecha. No entanto, no Parte do servizo da Policía Local, os axentes relatan que acoden á rúa Sanjurjo Badía nº 107, a instancias do fillo da reclamante, que manifesta que a súa nai tropezou cunhas lousetas soltas existentes nese lugar, dato corroborado polos axentes. Por outra banda, a testemuña presencial da caída, ó ser preguntada polo instrutor sobre o feito causante da mesma contesta “un adoquín que estaba desnivelado” e a pregunta de onde estaba situado o obstáculo responde que “na beirarrúa”. Á vista destes datos o instrutor duda se a Sra. Fernández caeu por mor dunha fochanca existente no paso de peóns á altura do nº 173 da rúa Sanjurjo Badía, por mor das lousetas soltas existentes á altura do nº 107 da mesma rúa, como manifesta o seu fillo ou ben por mor dun adoquín solto, como manifesta a testemuña.

Mais, aínda que fixásemos como lugar da caída o paso de peóns, como di a reclamante, dado que a testemuña identifica o lugar ó mostrarlle o instrutor as fotografías achegadas pola Sra. Fernández, a fochanca existente no mesmo non entraña un risco especial para os viandantes, xa que é perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, a teor do manifestando tanto no informe do servizo de Vías e Obras como pola testemuña presencial dos feitos. E se engadimos o dato de que a vítima é unha persoa carente de defectos físicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección do mencionado obstáculo, e que é regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, regra esta que exclúe a responsabilidade da Administración cando é crebada, por interferir un elemento extraño na relación xurídica controvertida cal é o da culpa da vítima, circunstancia que, cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda reponsabilidade da Administración (entre outros Ditames CCG 202/ 00, 547/01e 803/03). Podemos concluír que a negligencia da vítima interfiriu no nexo causal, impedindo vincular ó funcionamento do servizo público o dano padecido.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Araceli Fernández Dávila, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1282).- RECLAMACIÓN DE D. CARLOS BAQUERO PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 471/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21 de setembro de 2005 da técnica de Administración Xeral da Unidade de Patrimonio conformado pola xefa de área de Réxime Interior que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Don Carlos Baquero Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de xaneiro de 2005, polos danos sufridos no seu vehículo Ford Escort matrícula PO-3505-BJ ó caerlle enriba un colector de residuos sólidos urbanos, o día 20 de outubro de 2004, estando estacionado na rúa Cánovas del Castillo.*

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entroutros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, no que os axentes actuantes manifestan que á súa chegada ó lugar dos feitos o colector todavía estaba volcado e describen os danos que presentaba o vehículo do reclamante: abolladuras e rascazos na aleta dianteira esquerda.
- Informe do Parque Móbil, de 24/02/2005, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Salgueira, presentado pola reclamante, por un importe de 206,64 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en 15/03/2005.

Fundamentos de dereito:

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común:

-A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

-Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

-Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente caso, do informe da Policía Local despréndese que o colector bateu no vehículo, causándolle diversos danos, polo que a informante conclúe que se dá unha relación directa entre o dano e o que se constata como un deficiente funcionamento do servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de don Carlos Baquero Pérez, indemnizándolle na contía de 206,64 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”.

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(1283).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> MARÍA PILAR SÍO REY DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 140/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21-09-05 da técnica de Administración Xeral, conformado pola xefa da área de Réxime Interior que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona Consuelo Arenosa Pereira, en nome e representación de dona María Pilar Sio Rey, presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de Abril de 2004, no que expón que o día 16 de setembro de 2003, sobre ás 9:55 horas, cando se dispoñía a ir ó seu traballo, caeu na rúa Zamora, á altura do nº 70, na esquina coa Vía Hispanidade, debido ó mal estado de conservación das baerarrúas, xa que na mesma había unhas 5 ou 6 baldosas en mal estado, rotas e que non estaban fixadas no chan. Como consecuencia da caída tivo que acudir o servizo de urxencias do Hospital Xeral, onde lle diagnosticaron rotura dos dedos do pé esquerdo. O 21 de novembro de 2003 volveu caer por mor dun burato existente á altura da súa casa, na rúa Zamora nº 66, e rompeu as gafas e o pantalón que levaba posto.*

*A reclamación substánciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe de Vías e Obras, de data 21/05/2004, no que se establece que “existe unha reparación recente na esquina de Zamora con Hispanidad feita polo Concello”.*
- *Proba testifical en data 12/08/2004 ás testemuñas propostas pola reclamante. A testemuña da primeira das caídas, a do 16 de setembro de 2003, non comparece. Como testemuña da segunda caída, a do día 21 de novembro comparece o seu esposo.*
- *Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 20/10/2004, cuantificando os mesmos en 7.466,14 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 30/11/2004.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común:*

- a) *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*Pero para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público corresponde á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).*

*Sobre esta base, e á vista do expediente, da presentación de diversos informes médicos pode deducirse sen dúbida que a reclamante sufriu os danos que alega, pero non demostran en modo ningún nin o feito da caída nin o lugar da mesma. Coa reclamación, a Sra. Sío aporta dúas declaracións xuradas de presuntas testemuñas de cada unha das súas caídas. No entanto, a testemuña da primeira das caídas, citada en forma por esta Administración para ratificar a declaración xurada presentada pola reclamante, non comparece, polo que podemos concluír que esta primeira caída non foi probada. A testemuña da segunda das caídas é o esposo da reclamante, que se ben na declaración xurada achegada coa reclamación manifesta que foi avisado pola súa esposa tras caer na rúa, na proba testemuñal di ter presenciado os feitos e ó porlle de manifesto o instructor a contradicción na que incorre, alega que “vi la caída y está mal la declaración”. Prescindindo destas contradiccións e admitindo que o marido realmente fose testemuña dos feitos, dado que este manifesta que faltaban unhas lousetas e que se podía apreciar a unha distancia duns tres ou cinco metros, podemos concluír que o defecto da beirarrúa non constituía unha traba ou defecto oculto, senón que era perfectamente visíbel a considerábel distancia; se engadimos o dato de que, tal e como manifesta a reclamante se trataba dun burato que había á altura da súa casa e polo tanto pode presumirse que o coñecía, e tendo en conta que a vítima é unha persoa de mediana idade e, á vista do expediente, carente de defectos físicos ou psíquicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección do mencionado obstáculo, a informante estima que negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ó funcionamento do servizo público o dano padecido.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de dona Consuelo Arenosa Pereira, en nome e representación de dona María Pilar Sio Rey, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

*Acordo.-*

*A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.*

#### **17(1284).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> AMPARO MIGUENS TORRES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 371/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23 de setembro de 2005 da técnica de Administración Xeral, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dona Amparo Miguens Torres presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de outubro de 2004, no que expón que o día 14 de setembro do mesmo ano sufríu unha caída na Travesía de Vigo, á altura do nº 155, por mor do mal estado da beirarrúa, rompendóse os seus anteollos, o que lle provocou feridas na cara e hematomas en corpo e rodilla. Coa reclamación achega informe de atención urxente no Sergas, unha fotografía do lugar dos feitos e unha factura duns anteollos, cuxo importe reclama.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 04/01/2005, manifestando que no lugar do accidente apréciase a existencia de lousetas soltas.*
- *Informe da Policía Local, de data 03/02/2005, manifestando que nesa Xefatura non existe constancia dos feitos.*
- *Evacuouse trámite de audiencia á reclamante en data 17/02/2005, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No entanto, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local por se tivesen constancia do accidente, dado que a reclamante non presenta testemuñas presenciais do mesmo nin consta tampouco a intervención do servizo de emerxencias do 061.*

*Sobre esta base e á vista do expediente, pode constatarase que se produce unha absoluta ausencia de actividade probatoria por parte da reclamante, limitando a súa argumentación á descripción dos feitos e a presentación do parte de asistencia médica e as facturas dos danos materiais que reclama. Do parte de asistencia médica dedúcese que a reclamante sufríu determinados danos, pero non demostra en modo ningún nin o lugar da presunta caída nin a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración. Dado que a Policía Local non ten constancia do accidente, nin existe ningunha testemuña presencial do mesmo, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de dona Amparo Miguens Torres, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultaren probados nin os feitos nin o nexo causal entre o dano e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

**18(1285).- RECLAMACIÓN DE VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A. DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15771/240. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 26-09-05 da técnico de Administración Xeral da Unidade de Patrimonio, conformado pola xefa da área de Réxime Interior que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Don Manuel Vazquez Iglesias, en nome e representación da empresa Viguesa Transportes, S.A. presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de febreiro de 2003, polos danos ocasionados ó vehículo, propiedade da devandita empresa, matrícula 3994-BSW, cando o día 12 de novembro do 2002, circulaba co mesmo don Antonio Carlos Prego Cuevas pola Avda. Florida, e á altura do nº 134, chocou cun valado metálico que sinalaba unha tapa de sumidoiro e que carecía de sinalización luminosa.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, nas que os axentes actuantes manifestan que o autobús circulaba pola avenida da Florida en dirección á Praza de América, e golpeou un valado que se atopaba ciscado no seu carril de circulación e o lanza ó carril contrario, golpeando a outro vehículo. Comproban que sinaliza unha arqueta e que a zona de cemento que rodea a tapa do sumidoiro está fresco. O devandito carece de sinalización luminosa.*
- Evacúase trámite de audiencia a Aqualia, empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo, en data 22 de decembro de 2003, que alega que nesa data, no lugar do accidente estíbese executando a reparación dun pozo danado pola empresa Constructora Rías Baixas, mais consultada esta manifestou que a obra estaba debidamente valada e sinalizada.*
- Evacúase trámite de audiencia a Aqualia, que formula alegacións en data 6 de maio de 2004.*
- Ratificación da peritaxe en 17 de xuño de 2004.*
- Evacúase trámite de audencia a Viguesa de Transportes, S.A., que formula alegacións en data 8 de febreiro de 2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106 2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa producto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo en sesión celebrada o día 5 de xullo de 1990 outorgou concesión administrativa deste servizo público á Unión Temporal de Empresas Seragua -FCC, S.A. (agora Aqualia-FCC, S.A.).

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación pode ser imputada a empresa Aqualia-FCC, S.A., na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que a causa eficiente do accidente foi a existencia dun valado no medio da calzada por mor das obras que executaba por conta de Aqualia a empresa constructora Rías Bajas para a reparación dun pozo danado. Este valado carecía de sinalización adecuada, consonte o disposto no artigo 140 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, Regulamento Xeneral de Circulación, que establece que “as obras que dificulten de cualquier modo a circulación vial deberán sinalizarse, tanto de día como de noite, e balizarse luminosamente perante as horas nocturnas, o cando as condicións meteorolóxicas ou ambientais o exixan...” e no parte da Policía Local consta que estaba achuviando e a iluminación era insuficiente, polo que o valado tería que ser luminoso, sin prexuízo de que Aqualia repita á súa vez, o importe da indemnización a empresa contratista das obras.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Manuel Vázquez Iglesias, en nome e representación da empresa Víguesa Transportes, S.A., polos danos materiais sufridos no vehículo da devandita empresa matrícula 3994-BSW.*

*2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia - FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 495, 95 euros”.*

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

**19(1286).- CORRECCIÓN DE ERROS NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2005 APROBADA POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN DO 20.05.05. EXPTE. 16018/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28 de setembro de 2005 do técnico de organización do departamento de Persoal que di o seguinte:

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2005, aprobou a Relación de Postos de Traballo e as retribucións do persoal de cadro, segundo o orzamento aprobado polo Pleno.*

*SEGUNDO.- Segundo o disposto no art. 127 do R.D.L. 781/86, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial de Pontevedra de data 07 de xuño de 2005, dáse publicidade a nova Relación de Postos de Traballo (RPT).*

*TERCEIRO.- No citado acordo da Xunta de Goberno de 30 de maio de 2005, advértense os seguintes erros materiais segundo o expediente que deu lugar ó mesmo:*

*1º. Na R.P.T. da Entidade Local, no posto denominado “Tesoureiro”, código 150.01, indícase a clave 3 relativa o complemento específico, cando en realidade debería indicar a clave 2, tal e como figura no documento de dotación económica do citado posto de traballo, sen que, polo demáis, dos antecedentes do acordo adoptado pola Xunta de Goberno se poda deducir contradicción algunha co erro advertido.*

*2º.- Na R.P.T. do organismo autónomo municipal “Parque das Ciencias Vigo-Zoo”, no posto denominado “Director de Réxime Interior”, indícanse as claves 25 correspondente o complemento de destino e 16 do específico, cando en realidade, segundo consta na documentación do expediente, deben constar as claves 26 e 7 respectivamente, que foi o acordado polo citado Organismo en sesión do seu consello de administración de data 13 de abril de 2005, comunicado a Corporación Local con data de 21 de abril seguinte, e sen que dos demáis antecedentes do Acordo, resulte contradicción algunha co erro advertido.*

*3º.- Na R.P.T. da Entidade Local figura, dependendo da Área de Participación Cidadá, a Oficina de Voluntariado.*

*Nembargantes, en Resolución da Excm. Sra. Alcadesa de data 21 de febreiro de 2005 (BOP 15 de marzo), de modificación da de data 02 de xaneiro de 2004, no exercicio das súas atribucións en materia de organización, acorda a creación da Área de Participación Cidadá, excluindo expresamente do seu ámbito a Oficina de Voluntariado, de modo que é patente que esta última segue no seu ámbito inicial da Área de PROMOCIÓN ECONÓMICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL, segundo o disposto na citada Resolución de data 02 de xaneiro de 2004.*

4º.- Na citada R.P.T, figuran dous postos denominados “Inspector Auxiliar de Control de Concesionarias” (código 440.03), adscritos a “Unidade Técnica de seguimento de empresas adjudicatarias de servicios municipais”, e pertencentes o grupo “D” de titulación, escala Administración Especial, Subescala servicios especiais, clase cometidos especiais, e forma de provisión a de concurso.

Nembargantes, segundo consta na acta da mesa de negociación de datas 22 de abril e 31 de maio de 2005, ditas prazas foron incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, polo que é necesario corrixir o erro detectado na aprobación da RPT.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Segundo o disposto no art. 105.2 da Lei 30/92, de bases do réxime xurídico “as administracións públicas poderán, asimismo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos, existentes nos seus actos”.

SEGUNDO.- En canto ó alcance do citado precepto, e ilustrativo o fundamento xurídico terceiro da Sentencia da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo, Sección IV, de data 21 de setembro de 1998, que dí:

- a) La facultad que a la Administración atribuye el citado precepto para rectificar, sin limitación temporal, los errores materiales o de hecho en que haya podido incurrir una resolución administrativa, tiene por finalidad arbitrar una fórmula que evite que simples errores materiales y patentes pervivan y produzcan efectos desorbitados o necesiten para ser eliminados de la costosa formalidad de los procedimientos de revisión, si bien esa posibilidad legal de rectificación de plano debe ceñirse a los supuestos en que el propio acto administrativo revele una equivocación evidente por sí misma y manifiesta en el acto susceptible de rectificación, sin afectar a la pervivencia del mismo (Sentencias, entre otras, de 20 julio 1984 y 27 febrero 1990).
- b) Los errores de hecho o aritméticos se caracterizan por versar sobre un hecho, cosa o suceso, esto es, acerca de una realidad independiente de toda opinión, criterio particular o calificación, estando, por tanto, excluido de su ámbito todo aquello que se refiera a cuestiones de derecho, apreciación de la trascendencia o alcance de los hechos indubitados, valoración legal de las pruebas, interpretación de disposiciones legales y calificaciones jurídicas que puedan establecerse (Sentencias, entre otras, de 25 enero y 2 julio 1984).
- c) Los actos que la Administración puede rectificar con base en el expresado artículo 111 de la Ley de Procedimiento Administrativo, son aquellos que después de corregidos no cambian el contenido del acto administrativo en que se produce, de manera que éste subsiste con iguales efectos y alcance una vez subsanado el error.”

Doctrina que é plenamente aplicable aos supostos contemplados na presente proposta de Acordo.

TERCEIRO.- En canto a competencia do órgano, art. 127.1 h), que atribúe a Xunta de Goberno Local a aprobación da R.P.T.

A vista de todo canto antecede, o funcionario que suscribe ven en propoñer ó Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal que se eleve á Xunta de Goberno Local, consonte o disposto na disposición segunda, apartado 4º, inciso a) da Resolución da Excma. Sra. Alcaldesa de data 02 de xaneiro de 2004 (BOP. 30 de xaneiro seguinte), a seguinte proposta de ACORDO:

1º.- Aprobala rectificación de erros materiais apreciados na Relación de Postos de Traballo aprobada en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2005, e publicada no Boletín Oficial de Pontevedra de data 07 de xuño de 2005, nos seguintes particulares:

1.1.- No posto de traballo denominado “Tesoureiro” da Relación de Postos de Traballo da Entidade Local, na clave correspondente o complemento específico, haberá de constar o número 3 en vez do número 2, consonte o orzamento e as retribucións aprobadas para o exercicio 2005.

1.2.- No posto de traballo denominado “Director de Réxime Interior”, da Relación de postos de traballo do organismo autónomo municipal “Parque das Ciencias Vigo-Zoo”, na clave correspondente o complemento de

destino deberá de constar o número 26, e na correspondente o específico o número 7, consonte o orzamento e as retribucións aprobadas para o exercicio 2005.

1.3.- Adscribir a Oficina Municipal do Voluntariado a área de Promoción Económica e desenvolvemento Local, de conformidade coa Resolución da Excm. Sra. Alcaldesa de data 21 de febreiro de 2005 (BOP 15 de marzo), de modificación da de data 02 de xaneiro de 2004.

1.4.- Nos postos de traballo da Entidade Local denominados “Inspector Auxiliar de Control de Concesionarias” (código 440.03), adscritos a “Unidade Técnica de seguimento de empresas adxudicatarias de servizos municipais”, e pertencentes o grupo “D” de titulación, escala Administración Especial, Subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, deberá constar como forma de provisión a de cambio de adscripción, segundo consta no expediente como resultado da negociación colectiva cos representantes do persoal de cadro.

2º.- As citadas modificacións na Relación de Postos de Traballo entrarán en vigor desde o momento en que se acorden, sen prexuízo da súa posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- Do presente acordo, dese traslado á Xunta de Persoal, para seu coñecemento.

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

**20(1287).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE PERSOAL POLA QUE SE AUTORIZA UN PERMISO NON RETRIBUIDO POLO PERÍODO DUN ANO Ó FUNCIONARIO D. JOSÉ J. BALLESTA DE DIEGO, CON POSTO DE TRABALLO DE DIRECTOR DO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 16014/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de data 20-09-05 de D. José J. Ballesta de Diego, núm. persoal 76439 e o correspondente informe do técnico de Organización do do departamento de Persoal do 26-09-05,

A Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a D. José J. Ballesta de Diego, con NIF 36.065.836-L e número persoal 76439, técnico superior de actividades culturais e educativas deste Concello, con posto de traballo de director do Museo Municipal “Quiñones de León”, un permiso non retribuído dun ano, con efectos a partir do día 1 de novembro de 2005 e rematará o día 31 de outubro de 2006, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo.

**21(1288).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA UA 3 DO PERI CASÁS. EXPTE. 4546/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23-09-05 do técnico de Administración Xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o seguinte:

FEITOS

1º.- En data 26/11/2001 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación 3 "Casás" (expt. 5195/411, BOP núm. 29, do 11/02/2002).

No Apto. "Cuarto" dese Acordo dispúxose que:

"De conformidade cos artigos 25.3 e 68 do Regulamento de xestión urbanística e o apartado 3.2.3.5.b), in fine, das normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo a conservación das zonas verdes de nova creación polo plan especial, corresponderá ós propietarios do polígono que deberán constituirse en entidade de conservación".

2º.- No día 21/09/2004 o representante da Xunta de Compensación dese polígono interpuxo na Xerencia de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación do correspondente Proxecto de Urbanización. Dita solicitude e documentación inicial foi completada -previo requirimento dos servizos municipais- por outra posterior presentada nos días 15/10/2004 e 10/12/2004.

Nos días 18/10/2004 e 11/11/2004 o enxeñeiro industrial da oficina municipal de Servizos Electro-Mecánicos emitiu Informe sobre as redes de gas e alumeado público do proxecto. No 17/11/2004 o enxeñeiro da oficina municipal de Montes, Parques e Xardíns emitiu Informe favorable.

En data 20/01/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu Informe favorable. Nél manifestou, entoutros extremos, o seguinte:

"A los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad 295.589,67 Euros por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NN. UU., deberán presentar aval por el 100 % a la aprobación definitiva. El Proyecto consiste en la regularización de la sección transversal de los caminos Pedras Brancas y Castro, con las previsiones del PGOU, y la apertura de dos viales del nivel jerárquico inferior en la trama urbana y que sirven a las viviendas futuras. Uno conecta los dos caminos antes citados, y el otro se plantea en fondo de saco. Incorpora una pequeña zona verde, tal y como se definen en el planeamiento que desarrolla. Se ha recomendado, y así se recoge en este documento, la colocación subterránea de los contenedores de basuras. El Proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales. El ámbito de este proyecto, está recogido en el nuevo PGOM en tramitación, como API-55. El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Area de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección facultativa de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal de las obras, aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme al articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición pública se notificará al Coordinador del Área de Servicios y a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones Telefónica y R".

No 21/01/2005 o técnico de administración xeral da oficina municipal de planeamento emitiu Informe xurídico ó respecto.

3º.- No 07/02/2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP núm. 52, do 16/03/2005 e no diario Faro de Vigo do 11/03/2005, así como notificación ós interesados.

Durante dito período interpúxose un único escrito de alegacións, subscrito polo representante da entidade concesionaria "Unión Fenosa Distribución SA". Déuselle traslado dunha copia do mesmo á promotora do ámbito que o respostou cun Informe do redactor do Proxecto presentado no 09/06/2005. No 31/05/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitíu un Informe ó respecto.

No 20/09/2005 o representante de "Unión Fenosa Distribución SA" presentou un novo escrito na Xerencia de Urbanismo mostrando a súa conformidade coa versión final do Proxecto de Urbanización.

4º.- No 26/09/2005 a Xunta de Goberno Local acordou:

"(...) Aprobar definitivamente o proxecto de equidistribución do "PERI UA 3 Casas", promovido pola entidade mercantil "Arealoura, S.A.", formalizado en escritura pública outorgada perante o notario de Vigo don José María Rueda Pérez (protocolo número 1106), coas matizacións derivadas do escrito presentado por "Arealoura, S.A" o 7 de setembro de 2005 que se incorporan ó expediente" (expte. 4604/401)

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Este procedemento tramitouse consonte co disposto no art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o Proxecto axústase ó preceptuado no art. 110 LOUGA, no que se especifica que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

De conformidade co disposto no apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva da urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 295.589,67 euros.

Asemade, no momento de recepción das obras de urbanización, deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación (art. 110 LOUGA), tal e como se dispón no vixente PXOU-93 e no PERI aprobado.

Á vista do afirmado por "Unión Fenosa Distribución" no seu escrito do 20/09/2005, pode considerárselle desistida no seu anterior escrito de alegacións interposto durante o período de información pública aberto trala aprobación inicial do Proxecto de Urbanización.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do PERI da UA 3 Casás (S. Andrés de Comesaña), promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Alberto Moreno García, visado nos días 13/09/2004, 09/12/2004 e 15/12/2004 (Expte. 4546/401).

*SEGUNDO: Ter por desistida á entidade concesionaria "Unión Fenosa Distribución SA" do seu escrito de alegacións interposto durante o trámite de información pública trala aprobación inicial do Proxecto de Urbanización.*

*TERCEIRO: Para poder solicitar licenza de obras antes da recepción total das obras de urbanización do polígono, deberá constituír un aval ou fianza polo importe de 295.589,67 € en garantía da correcta execución das obras de urbanización.*

*CUARTO: Durante a execución das obras deberán respectarse os límites de contaminación acústica establecidos na lexislación estatal e autonómica sobre ruidos, e na vixente ordenanza municipal contra a contaminación acústica. Deberá comunicarse o seu inicio ó Coordinador Municipal da Área de Servizos. Cando se solicite a súa recepción, se facilitará o realmente executado en soporte informático. A dirección facultativa das obras entregará á inspección municipal aqueles ensaios e ou documentos que avalen a idoneidade das unidades de obra que estimen necesarios, consonte co prego de prescricións técnicas.*

*QUINTO: No momento da recepción das obras de urbanización constituirase unha entidade de conservación que asumirá o mantemento das novas zonas verdes e espazos libres do polígono.*

*SEXTO: Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo ós interesados, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Notifíquesele tamén á alegante, ó coordinador municipal da área de servizos, ás entidades concesionarias de servizos públicos e ó equipo redactor do novo Plan Xeral.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(1289).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN 2ª FASE DA UA 11 ROTEAS, EN HERMIDA-OIA. EXPTE. 4572/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23-09-05 do técnico de Administración Xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o seguinte:

**FEITOS**

*1.- En data 30/04/1997 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da UA 11 Roteas (Hermida, San Miguel de Oia) redactado polos servizos técnicos municipais da oficina de Planeamento, en coordinación cos do Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia -IGVS- (expte. 4197/411).*

*No día 04/09/1998 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización dese ámbito, a instancia do IGVS (expte. 4062/401).*

*O IGVS executou as obras de urbanización e edificación previstas neses proxectos urbanísticos, previa derruba das vivendas sociais antes existentes, para realoxo dos residentes nelas.*

*2.- En data 30/03/2004 o xefe provincial do IGVS interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación dunha modificación puntual do citado Estudio de Detalle. Dita modificación puntual*

aprobase definitivamente por Acordo plenario municipal do 30/05/2005 (BOP 140, do 21/07/2005), previo informe favorable do 27/07/2004 da Dirección Xeral de Estradas da Xunta de Galicia no referente ás conexións viarias coa estrada autonómica PO 552 Vigo-Tuy.

3.- No 10/01/2005 o xefe provincial do IGVS presentou na Xerencia de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación do Proxecto de Urbanización referido á segunda fase do ámbito de referencia.

No 07/02/2005 o enxeñeiro industrial municipal da oficina de servizos electromecánicos emitiu un Informe no que manifestou a necesidade de correxir certos aspectos menores do Proxecto de Urbanización. No 14/03/2005 o representante da concesionaria "Aqualia" emitiu un Informe sobre a evacuación das augas pluviais do ámbito. No 08/04/2005 o Enxeñeiro técnico agrícola da oficina municipal de montes, parques e xardíns emitiu Informe favorable sobre o Proxecto de Urbanización.

4.- En data 25/04/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu un Informe no que entre outros extremos fixo consta-lo seguinte:

(...) El Proyecto consiste en completar la urbanización de la calle principal de la Unidad de Actuación, del camino existente en el lindero sur con la sección prevista en el PGOU, de la zona verde, y de los espacios libres entre los edificios. También se ordena y se regula el contacto con la carretera PO – 552 Vigo – Tuy. El Proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales, resolviéndose la evacuación de aguas pluviales tanto de la primera Fase como de esta, a través de la cuneta de la carretera mencionada, la cual descarga en el regato que Aqualia señala como punto recomendado; además se debe eliminar el tendido aéreo existente. Tal y como se recoge en la Memoria, la existencia de roca como material constitutivo del terreno hará necesario el empleo de medios de excavación apropiados, los cuales se pondrán en conocimiento de los Técnicos Municipales, para poder comprobar su adecuación a la Normativa sectorial que en materia de contaminación, les sea de aplicación. El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad."

No 29/04/2005 o técnico de administración xeral emitiu Informe xurídico ó respecto.

5.- En data 16/05/2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP núm. 140, do 21/07/2005 e no diario Faro de Vigo do 24/06/2005, así como notificación individualizada ós interesados. Durante dito período non se interpuxo ningún escrito de alegacións.

Mediante Oficio do 01/09/2005 requiríuselle ó IGVS a subsanación de certos extremos do Proxecto de Urbanización. No 19/09/2005 o Xefe dos Servizos Técnicos do IGVS presentou nesta Administración municipal un Texto Refundido do Proxecto de Urbanización incorporando as rectificacións requiridas.

No 23/09/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu Informe favorable sobre esta última versión do Proxecto de Urbanización. Nél indícase que: "(...) Ós efectos fiscais que corresponda, o Presuposto de Execución Material ascende á cantidade de 367.665,95 euros. (...) inclúe as correccións contidas no informe do Enxeñeiro Industrial Municipal do 07/02/05, da concesionaria AQUALIA en informe do 14/03/05, e inclúe un Anexo sobre cumprimento da Normativa contra a Contaminación Acústica".

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o Proxecto axústase ó preceptuado no art. 110 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), no que se especifica

que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

II.- De conformidade co disposto no apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), e no art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva da urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 367.665,95 euros.

III.- Durante a execución das obras deberán respectarse os límites de contaminación acústica establecidos na Lei galega 7/1997, do 11 de agosto, e na vixente ordenanza municipal contra a contaminación acústica.

IV.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar definitivamente o Texto Refundido do Proxecto de Urbanización da segunda fase da "UA 11 Roteas" (Coruxo), promovido polo IGVS da Xunta de Galicia, e redactado pola arquitecta D<sup>a</sup> Elena de las Cuevas Fraga, datado en setembro de 2005 (Expte. 4572/401).

**SEGUNDO:** Para poder obter licenza de obras antes da recepción total da urbanización do polígono, deberá constituírse unha garantía polo importe de 367.665,95 € que respostará da súa correcta execución.

**TERCEIRO:** Durante a execución das obras deberán respectarse os límites de contaminación acústica establecidos na lexislación estatal e autonómica sobre ruidos, e na vixente ordenanza municipal contra a contaminación acústica. A dirección técnica das obras deberá comunicar o seu inicio ó Coordinador Municipal da Área de Servizos. Cando se solicite a súa recepción, facilitarase o realmente executado en soporte informático. A dirección facultativa das obras entregará á inspección municipal aqueles ensaios e ou documentos que avalen a idoneidade das unidades de obra que estimen necesarios, consonte co prego de prescricións técnicas.

**CUARTO:** Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo ós interesados, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Notifíquesele tamén ó coordinador municipal da área de servizos, ás entidades concesionarias de servizos públicos e ó equipo redactor do novo Plan Xeral.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **23(1290).- OFERTA DE EMPLEO PÚBLICO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO ANO 2005. EXPTE. 1351/407.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do 23-09-05 xefe dos Servizos Centrais conformado polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o seguinte:

O Pleno da Excm. Corporación municipal, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2005, aprobou definitivamente o cadro de persoal para o exercicio de 2005, no que se incluía o correspondente ó Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de xullo de 2005, aprobou a relación de postos de traballo do ano 2005 de dito Organismo Autónomo (expediente 1.003/407).

A relación de postos de traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo foi publicada no Boletín Oficial da Provincia o 31 de agosto de 2005.

Unha vez aprobado o devandito cadro de persoal e a relación de postos de traballo, de conformidade co previsto no artigo 91 da Lei de Bases de Réxime Local, a Corporación Local debe formular a súa Oferta de Emprego Público, de forma que a selección do persoal se efectúe a través da mesma, garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Consonte o disposto polo artigo 18.4 da Lei 30/1984 (Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública), na redacción dada pola Lei 22/1993, é obxecto da Oferta de Emprego Público “as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existentes”.

Dos 25 postos vacantes na Relación de Postos de Traballo da Xerencia de Urbanismo:

- 12 postos corresponden ó posto de Secretario e ás xefaturas de negociado e de servizo creadas para completar o actual organigrama deste Organismo Autónomo (a súa provisión realizarase co persoal municipal existente e poderá dar lugar á supresión e amortización dos postos e prazas das que proveñan os nomeados);
- 13 postos incluíranse na Oferta de Emprego Público deste Organismo Autónomo para o ano 2005 que se pretende aprobar: 10 postos de turno libre e 3 reservados a promoción interna.

A aprobación da oferta de emprego público, consonte o artigo 3 f) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo, resérvase ó Pleno do Concello de Vigo, a proposta do Consello da Xerencia.

Toda vez que a Lei 57/2003, de 16 de decembro, residenciou a competencia de aprobación da oferta de emprego público na Xunta de Goberno Local de forma indelegable (artigo 127 da Lei de Bases de Réxime Local), será este órgano o que aprobe a presente proposta.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo propondrá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar a oferta de emprego público do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Excm. Concello de Vigo” para o ano 2005, integrada pola seguintes prazas vacantes correspondentes todas a persoal funcionario:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Acceso
2	Administrativo	C	Admón. Xeral	Administrativa	-----	Promoc. Interna
1	Arquiveiro	B	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Técnico Superior Serv. Económicos	A	Admón. Especial	Técnica	Superior	Promoc. Interna

1	Técnico de Sistemas	A	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
2	Arquitecto	A	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Técnico Admón. Xeral	A	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro Técnico Industrial	B	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
4	Inspectores de Urbanismo	C	Admón.Especial	Técnica	Auxiliar	Libre

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(1291).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE “COVSA CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.”, CONSTITUÍDA POR SUBMINISTRO DE BITUMISOSAS. EXPTE 46320/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23-09-05 do enxeñeiro xefe de Vías e Obras conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

*Con data 16 de setembro de 2005 e con número de documento 50161369, solicítase a devolución da fianza con número mandamento de ingreso 200200036517 de 22/08/2002 por 9.600 €, constituída para responder das obrigas do contrato de subministro de mezclas bituminosas, para o Concello de Vigo (Exp.34884/250.02). Con data 21-09-2005 se solicita informe o enxeñeiro técnico de Vías e Obras, sobre o grado de cumprimento do contrato.*

*Con data 22-09-2005 o Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras indica que a Empresa COVSA, efectuou a totalidade do subministro de mezclas bituminosas, contemplado no expediente-34884/250.02*

*Polo que se propón:*

Proceder á devolución da fianza de 9.600 € – (nove mil seiscientos euros), a favor de COVSA CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(1292).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE SÁNCHEZ ÁLVAREZ, S.L. CONSTITUÍDA POR PERMISO DE CIRCULACIÓN DE CAMIÓN NA RÚA ROGELIO ABALDE Nº 1, PARA DERRUBA DE EDIFICACIÓN. EXPTE 46344/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23-09-05 do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

*Con data 05 de agosto de 2005, a Policía Local remite oficio con núm. de expediente 6276/2005 onde nos solicitan informe, previo a concesión da autorización de circulación con camións a Rúa Rogelio Abalde, 1 motivado as labours de carga e descarga no derribo da edificación con licencia de obra núm. 52273-421.*

*Informado con data 31-08-2005, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado condicionado, ó depósito dunha fianza de (12.500 €), doce mil quinientos euros, polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 200500039601 de data 01-09-2005.*

*Solicitada a devolución da fianza con data 19-09-2005 e número de documento 50162156, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 23 de setembro de 2005 e comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se propón:*

*Proceder á devolución da fianza de 12.500 € –(doce mil quinientos euros), a favor de SÁNCHEZ ALVAREZ, S.L.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(1293).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE “SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.” CONSTITUÍDA POLAS OBRAS DE CANALIZACIÓN NAS RÚAS PABLO MORILLO E LUIS TABOADA. EXPTE. 42301/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 27-09-05 do xefe do negociado de Vías e Obras, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

*Con data 30-09-2004, este Departamento emite informe, condicionando a autorización obxecto do presente, a constitución dun aval de 584,49 Euros, polos danos que puderan ocasionarse o patrimonio municipal. Unha vez ingresado o mesmo en data 23/11/2004, na Tesorería Municipal e rematados os traballos solicitados, o interesado solicitou a devolución da fianza depositada en data 13/05/2005.*

*O Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, en data 27-09-2005, informa o seguinte:*

*“Revisado o estado da pavimentación na zona das obras de canalización eléctrica executadas pola empresa Sercoysa Proyectos y Obras S.A. nas rúas Pablo Morillo e Luis Taboada, e tramitada a autorización co número de expediente 42301/250, determínase que os pavimentos e as instalacións construídas están en boas condicións e que procede a devolución do aval.”*

*Polo que se propón:*

*Proceder á devolución da fianza de 584,49 Euros , a Sercoysa Proyectos y Obras S.A.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(1294).-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE NOVO MURO DE CONTENCIÓN NO “CALELLO TRAVESÍA DE ALFONSO XIII”. EXPTE. 46346/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 14-09-05 do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo concelleiro-delegado da área de Servizos Xerais que di o seguinte:

*O presente proxecto redactado pola consultora G.O.C. e suscrito polo Enxeñeiro de Camiños D. José Carlos Otero Otero, forma parte dun grupo de proxectos encargados polo Concello de Vigo, para a rehabilitación ou reconstrucción dunha serie de muros no termo municipal.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adoptada.*

*O presuposto base de licitación das obras I.V.E. incluído ascende á cantidade de:70.530,19 €. SETENTA MIL CINCOCENTOS TRINTA EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta.*

*Aprobar técnicaamente o proxecto " EXECUCIÓN DE NOVO MURO DE CONTENCIÓN EN CALLEJÓN TRAVESÍA DE ALFONSO XIII" cun presuposto base de licitación I.V.E. incluído de: 70.530,19 €. SETENTA MIL CINCOCENTOS TRINTA EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS.*

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

**28(1295).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN E REPARACIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN NA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO E ALAMEDA SAMPAIO.EXPTE. 46347/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 14-09-05 do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo concelleiro-delegado da área de Servizos Xerais que di o seguinte:

*O presente proxecto redactado pola consultora G.O.C. e suscrito polo Enxeñeiro de Camiños D. José Carlos Otero Otero, forma parte dun grupo de proxectos encargados polo Concello de Vigo, para a rehabilitación ou reconstrucción dunha serie de muros no término municipal.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adoptada.*

*O presuposto base de licitación das obras I.V.E. incluído ascende á cantidade de: 18.806,27 €. DEZAOITO MIL OITOCENTOS SEIS EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta.*

*Aprobar técnicaamente o proxecto " REHABILITACIÓN E REPARACIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN NA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO E ALAMEDA DE SAMPAIO" cun presuposto base de licitación I.V.E. incluído de: 18.806,27 €. DEZAOITO MIL OITOCENTOS SEIS EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS.*

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

**29(1296).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN NA PRAIA DA PUNTA EN TEIS (A GUÍA). EXPTE. 46348/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 14-09-05 do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo concelleiro-delegado da área de Servizos Xerais que di o seguinte:

*O presente proxecto redactado pola consultora G.O.C. e suscrito polo Enxeñeiro de Camiños D. José Carlos Otero Otero, forma parte dun grupo de proxectos encargados polo Concello de Vigo, para a rehabilitación ou reconstrucción dunha serie de muros no término municipal.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adoptada.*

*O presuposto base de licitación das obras I.V.E. incluído ascende á cantidade de: 38.579,45 €. TRINTA E OITO MIL CINCOCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:*

*Aprobar técnicaamente o proxecto " REHABILITACIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN NA PRAIA DA PUNTA (A GUÍA, VIGO)" cun presuposto base de licitación I.V.E. incluído de: 38.579,45 €. TRINTA E OITO MIL CINCOCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS.*

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

**30(1297).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA, RÚA TORRECEDEIRA. EXPTE. 46349/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 14-09-05 do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo concelleiro-delegado da área de Servizos Xerais que di o seguinte:

*O presente proxecto redactado pola consultora G.O.C. e suscrito polo Enxeñeiro de Camiños D. José Carlos Otero Otero, forma parte dun grupo de proxectos encargados polo Concello de Vigo, para a rehabilitación ou reconstrucción dunha serie de muros no término municipal.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adoptada.*

*O presuposto base de licitación das obras I.V.E. incluído ascende á cantidade de: 81.322,70 €. OITENTA E UN MIL TRESCENTOS VINTEDOUS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta.*

*Aprobar técnicamente o proxecto " REHABILITACIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN NO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA (C/TORRECEDEIRA)" cun presuposto base de licitación I.V.E. incluído de: 81.322,70 €. OITENTA E UN MIL TRESCENTOS VINTEDOUS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS.*

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

**31(1298).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN E EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA PRAIA DE PUNTA EN TEIS (A GUÍA).EXPTE. 46350/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 14-09-05 do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformada polo concelleiro-delegado da área de Servizos Xerais que di o seguinte:

*O presente proxecto redactado pola consultora G.O.C. e suscrito polo Enxeñeiro de Camiños D. José Carlos Otero Otero, forma parte dun grupo de proxectos encargados polo Concello de Vigo, para a rehabilitación ou reconstrucción dunha serie de muros no término municipal.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adoptada.*

*O presuposto base de licitación das obras I.V.E. incluído ascende á cantidade de: 58.623,49 €. CINCOENTA E OITO MIL SEISCENTOS VINTETRÉS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.*

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

*Aprobar técnicamente o proxecto " REHABILITACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN (MURO E) PRAIA DA PUNTA (A GUÍA, VIGO)" cun presuposto base de licitación I.V.E. incluído de: 58.623,49 €. CINCOENTA E OITO MIL SEISCENTOS VINTETRÉS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS.*

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

**32(1299).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 27-09-05 do técnico de Intervención Xeral, conformado polo interventor xeral acctal., e vistos así mesmo os xustificantes remitidos pola Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar os gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan, para incluír na nómina do mes de outubro.

<b>FUNCIONAL</b>	<b>SERVICIO</b>	<b>IMPORTE</b>
2220	Seguridad	558,11
3130	Bienestar Social	50,83
4220	Educación	310,76
4326	Parques y Jardines	92,65
4420	Limpieza	1.325,32
4430	Cementerios	132,26
4513	Museos	29,65
4631	Atención Ciudadana	50,66
5110	Vías y Obras	4.847,27
<b>TOTAL</b>		<b>7.397,51</b>

Segundo.- Aprobar a seguinte relación de xustificantes de libramentos.

AGUIAR CASTRO YOLANDA	0504469	2.000,00	328,75	1.671,25	
BENAVIDES OTERO NINA	0513534	300,00	297,66	2,34	
CASTILLO MARTIN CARMENO DEL	0523422	500,00	14,50	485,50	
CRUZ PAZO SANTIAGO	0513182	1.000,00	387,59	612,41	
ESPADA RE CAREY LUIS	0539578	12.000,00	12.000,00		
FERNANDEZ BARROS JOSE MANUEL	0526932	21,25	21,25		
GOMEZ GARCIA CRISTINA	0527027	1.200,00	55,80	1.144,20	
“	0527026	600,00	48,50	551,50	
“	0527012	252,44	252,44		
GOMEZ JANEIRO MARIA	0537401	259,39	259,39		
GONZALEZ ROCA JESUS	0519209	200,00	200,00		
LOPEZ MOURE JESUS	0533816	35.278,68	35.275,37	3,31	
LOPEZ PIÑEIRO MARIA PILAR	0503075	1.800,00	1.723,25	76,75	
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	0526106	200,00	186,75	13,25	
OJEA PEREZ IGNACIO	0532885	700,00	695,58	4,42	
OJEA PEREZ RAFAEL	0527062	300,00	300,00		
ROCHA PARAMES CESAREO	0330175	300,00	299,43	0,57	
RODRIGUEZ CADARSO LUIS	0523122	810,84	810,84		
“	0523121	298,79	262,49	36,30	
“	0523120	113,89	54,99	58,90	
SANLUIS COSTAS AVELINO	0533786	932,00	932,00		

SOTELINO RODRIGUEZ ROSA MARIA	0523627	300,00	299,89	0,11	
SOUTO GONZALEZ MARTA	0529980	300,00	264,81	53,19	
VAQUEIRO HERVELLO MARIA TERESA	0525174	450,76	363,22	87,54	
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	0528953	6.000,00	5.989,78	10,22	
			61.324,28		

## ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **33(1300).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS DO CONTORNO DA PRAZA DE COMPOSTELA. EXPTE. 105/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22-09-05 dos enxeñeiros municipais da oficina de supervisión de proxectos, Inspección Técnica de Obras, conformado polo concelleiro de Servicios Xerais, que di o seguinte:

*O proxecto "COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS DO ENTORNO DA PRAZA DE COMPOSTELA", foi redactado pola enxeñería Planes Estratéxicos Territoriais de Transportes y Ambientais, PETTRA, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Santiago López Fontán en abril de 2005*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a humanización do contorno da Praza de Compostela.*

*O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 373.911,16 € (TRESCENTOS SETENTA E TRES MIL NOVECENTOS ONCE EUROS CON DEZASEIS CENTIMOS).*

*O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.*

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta:

*Aprobar tecnicamente o proxecto "Complementario do proxecto de humanización das rúas do entorno da Praza de Compostela" cun presuposto base de licitación de 373.911,16 € (TRESCENTOS SETENTA E TRES MIL NOVECENTOS ONCE EUROS CON DEZASEIS CENTIMOS).*

Acordo:

A Xunta de Gobeno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**34(1301).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DOS PROXECTOS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS URUGUAI E COLÓN. Expte. 106/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22-09-05 dos enxeñeiros municipais da oficina de supervisión de proxctos e Inspección Técnica de obras, conformado polo concelleiro de Servizos Xerais que di o seguinte:

*O proxecto "MODIFICADO NÚMERO 1, (dos proxectos de Humanización das rúas Uruguay "Fase 1 e 2" e Colón), foi redactado pola Enxeñería Planes Estratéxicos Territoriais de Transportes y Ambientais, PETTRA, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Santiago López Fontán en setembro 2005*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a humanización das rúas, asimilando os acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.*

*O presuposto líquido de execución por contrata do proxecto orixinal era de 932.047,24 euros. (NOVECENTOS TRINTA E DOUS MIL CUARENTA E SETE EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS). Ascendendo o presuposto líquido de execución por contrata do proxecto modificado a cantidade de ( UN MILLON CENTO TRECE MIL SETECENTOS OITENTA EUROS CON DOUS CENTIMOS) 1.113.780,02 euros.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.*

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta:

*Aprobar tecnicamente o proxecto "Modificado núm. 1 dos proxectos de humanización das rúas Uruguay (1 e 2) e Colón" cun presuposto base de licitación de 1.113.780,02 € (UN MILLÓN CENTO TRECE MIL SETECENTOS OITENTA EUROS CON DOUS CÉNTIMOS).*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**35(1302).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR SUBHASTA ABERTA DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RÚA PALENCIA. Expte. 7072/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, segundo o informe-proposta do 28 de setembro de 2005 do xefe de negociado de Contratación, conformado polo xefe de área, polo concelleiro da área de Cultura e intervido e conformado pola Intervención Xeral e visto así mesmo o informe xurídico do letrado-asesor da Asesoría Xurídica do 29 de setembro de 2005,

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de execución das obras de construción da escola infantil da rúa Palencia, redactado polo arquitecto D. Alberto de Cominges Molíns.

Segundo.- Autorizar o gasto de 659.831,20 euros para a execución do proxecto de construción da escola infantil da rúa Palencia que están consignados na partida 422.0.622.00.00, 608.739,86 euros do presuposto do ano 2005 e 51.091,34 euros no presuposto do ano 2006.

Terceiro.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por subhasta aberta das obras de construción da escola infantil da rúa Palencia.

Cuarto.- Convocar a subhasta para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**36(1303).- PAGAMENTO Á COMUNIDADE DE MONTES “SAN XURXO” DE SAIÁNS EN CONTRAPRESTACIÓN POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DA SÚA PROPIEDAD. EXPTE. 23197/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 21-09-05 do xefe admin. De Vías e Obras, conformado polo concelleiro-delegado de área, visto o RC 200500043379 da Intervención Xeral por importe de 25.000€, e así mesmo o informe do 30-09-05 do asesor xurídico da área de Servizos Xerais,

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a proposta da Comunidade de montes de man común “ San Xurxo de Saiáns” e en consecuencia aboarlle-la cantidade de 25.000 € como contraprestación á ocupación dunha parcela da súa titularidade de 1.720 m2. de dito monte de man común, tal como figura nos planos que figuran no expediente levantados polo Servizo de Cartografía municipal, que se ven producindo, de feito, dende o día 5 de febreiro de 1998 no que o Concello levantou a acta de comprobación do replanteo previa ó incio das obras de mellora da subministración de auga potable ás parroquias de Saiáns, San Miguel de Oia e Canido.

Segundo.- A ocupación terá carácter indefinido e continuará en tanto se manteña o fin para o que se formaliza: Instalación de depósito para subministración de auga potable

Terceiro.- A cesión por mutuo acordo, deberá ser formalizada en escritura pública

Cuarto.- Previamente á formalización de dita escritura os servizos técnicos municipais deberán levantar plano de deslinde e proceder á delimitación de dita parcela

Quinto.- A cesión deberá incorporarse ó Inventario municipal de bens e dereitos

### **37(1304).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

RS/pb.